

# Rossi

Blaise Cendrars

Tradución de Ana Luna



# Cendrars, Blaise

Rossi.

(morto en Tilloloy)<sup>1</sup>

Tradución de Ana Luna

Rossi comía por catro. Era un Hércules de feira, home de bo durmir, terrible cando lle daban aquelas arroutadas, como as rabechas que collen os nenos, pero inofensivo. Rossi tiña medo da súa forza, que era realmente prodixiosa. "Mirade", dicíalles ós seus compañeiros. "Eu non me decato da forza que teño, non sei ata onde pode chegar. Cando lle dou a man a un amigo, podería esmagarlla. Daquela, repítome a min mesmo, Rossi, a modo rapaz. É o que me di a señora Rossi cando ve que me estou pasando". Rossi perdía a cabeza fronte as dificultades como a escuridade da noite, a auga da chuvia esvarando polo seu pescozo ou o frío, dificultades contra as que a súa forza de Hércules non tiña nada que facer. Déranos bastante a lata nas trincheiras de Frise porque coidaba que non eran fondas de abondo (o noso xigante medía un metro noventa e cinco, langrán e pesado coma un armario). Coma quen non quere a cousa, Rossi fora onda o coronel para queixarse de que as trincheiras non eran da súa altura e para pedirlle que as mandase facer máis fondas, que levantase os parapetos e desatoase as galerías cheas de auga. Custáralle oito días de calabozo dirixirse directamente ó seu coronel para asuntos de servicio sen pasar pola vía xerárquica; e a nós, que morriamos de cansazo, esgotados polo traballo naquel sector inestable instalado nunha lagoa, impuxéranos un suplemento de faenas extenuantes naquelas trincheiras esponxosas que se esborrallaban e desbordaban en canto se cavaba. Non se podían afondar, nin refacer, nin reforzar. Mentres nos rebentabamos cos pés axeados, o arrestado, que tiña que facer dobre rolda de garda, estaba de xeonllos diante da troneira e choraba coa cabeza entre as mans. Era un espectáculo lamentable. Os homes tiñanlle ganas, non lle perdoaban a súa intervención perante o coronel, burlábanse del e guindábanlle pas de terra, de lama e auga enlagada por riba dos ombreiros e na cara. Así e todo, Rossi acougou e portouse case coma un bo soldado, aínda que se perdese con facilidade cando iamos en patrulla.

Non era nictalope como Meyrowitz, aquel poeta yiddish da rúa dos Rossiers que tanto mellorara e que soubo aproveitarse tan ben da súa enfermidade, supostamente conxénita. Recordo que Rossi se perdía con frecuencia cando iamos cara ós boches<sup>2</sup>, subindo en ringleira por diante de Dompierre-en-Santerre. Nun determinado parapeto –o décimo terceiro–, había que virar á esquerda e non á dereita. Eu mandara que o cubrisen cos restos do arroz que sobrara nas escudelas (o famoso "arroz de brea" que tiñamos tan aborrecido e xa non comiamos), para facer unha pirámide branca que valería de guía, por moi escura que fose a noite. Á dereita estaba o *no man's land*, á esquerda, a boca do túnel dunha mina por onde nos deixabamos escorregar uns tras os outros. Aínda que puxese a Rossi tras de min, dicíndolle que se collese da punta do meu capote e que contase os parapetos en voz alta, cando chegabamos ó décimo terceiro desorientábase e marchaba para o outro lado. Daquela, escoitábámolo berrar pedindo axuda, disparando ó ceo e montando un batifondo capaz de espertar a un burro morto, así que tiña que mandar a dous homes a rescatar ó xigante furioso e avergoñado. A situación comezaba a raiar na histeria porque se repetía con certa frecuencia e sempre naquel mesmo sitio por onde subiamos en ringleira naquel maldito sector, un dos máis activos que coñecín. Entre sentinela e sentinela, nunca sabiamos ata onde podiamos avanzar. De día a paisaxe era lunar, cos cráteres dos obuses entrelazados, a refinería de azucre esnaquizada e aquela cruz co Cristo cabeza abaixo suxeito dun só pé. O mesmo que me custara trinta días de arresto, e non por ir alí de día, senón por tentar fotografalo. Os mandos estaban celosos do meu ascendente sobre a tropa, de feito, deixábanme ter unha kódak, pero non me deixaban utilizala. E o tenente, o capitán, o comandante e mailo coronel ativéranse a ese protocolo para sumar tantos días de calabozo. Cando se está en primeira liña ninguén vai ó calabozo, pero quedei fichado e, nalgunha oficina comfortable da retagarda, algún plumífero tomou nota do sucedido no rexistro. ¡Canta conachada! Así que todo aquilo non impediu que seguise sacando fotos ata o último día. Tamén é certo que Machin o alsaciano, o ordenanza dos sarxentos, xa non estaba alí para espíarme e delatarme...

Se Rossi era un inútil en patrulla, na escuadra resultaba indispensable. Chantaba as estacas dun só mazote,

mentres que os demais traballaban en parella e tiñan que recupera-lo alento cada dez golpes. Estaba afeito a montar tendas de circo. En Frise, Rossi tendera el só toda a rede de arame nun tempo marca. Un traballo magnífico. Os homes perdoáranlle todo, as inconsecuencias, o comportamento desconsiderado co coronel, os cambios de humor e a larpeirada. Podíasele pedir un grande esforzo, pero non un esforzo continuado. En Dompierre, deixáran na reserva para encher nos últimos minutos os manguitos das minas, carrega-las caixas de explosivos e leva-los sacos de terra. Cando fuxiamos en desbandada, daba gusto velo facer xogos malabares coas caixas de cincuenta quilos de melinita, cos barrís de pólvora negra, cortando cos dentes os gordos salchichóns de dinamita, amontoando dunha soa sentada dúcias de sacos de terra, murando a galería a golpe de pa e mesmo a patadas. Tiña tanto medo coma nós e apuraba para poñerse a salvo, pero traballaba a conciencia. Corría pisándolle os talóns ó sarxento de enxeñeiros que desenrolaba a mecha bickford e chegaba onda nós ó mesmo tempo ca el. No momento da explosión esvaecía e sempre había que reanimalo. Eu valíame de Rossi como o cornaca se vale do seu elefante, pero coma os elefantes, Rossi era delicado, acatarrábase por menos de nada, desmoralizábase con facilidade e, coma os elefantes, precisaba das montañas e de montes de comida para repoñer folgos. Non sei que sería del se non me tivese a min. Acabaría no cárcere de Biribi. De feito, pilláran máis dunha vez roubando víveres no refuxio.

—Deixa iso Rossi —díxalle eu—. Mira que es ben parvo.

Eu apañábame para que puidese comer a pracer, aínda que non era doado. Furtaba da carne dos oficiais, facía incursións onda os artilleiros e saía de expedición polos poboados da retagarda. Sen me decatar, convertérame no seu protector. Canto máis comía, máis fame tiña o moi lambón. Mentres os demais se emborrachaban con viño, como manda a tradición da lexión, Rossi emborrachábase con larpeiradas. Os restos da cociña, o rebutallo, todo lle valía, por non falar dos paquetes que enviaba a señora Rossi, sabedora das debilidades do seu home, manxares que Rossi devoraba coma unha besta agochada no seu tobo. A fame non fai á xente sociable. En cada novo sector, Rossi escollía un burato abandonado onde afastarse lonxe de todos, despreocupándose do perigo, da cantidade de merda que puidera haber no seu illado refuxio, ou do morto alí soterrado que, de cando en vez, sacaba os pés polo tabique. El quería estar só para comer. Viámolo chegar á hora de cear. Sacaba a súa escudela, contaba as racións, bufaba coma unha besta por un anaco de touciño ou por un óso de cana, controlaba a distribución das sobras e, se as había, trocaba un cuartillo de *pinard* por un anaco de *camembert*, releaba, mercaba (porque o moi trampón tiña cartos), mendigaba, choromicaba, e logo marchaba cara ó seu burato solitario, cargado coas súas galdrumadas, facendo equilibrios coa escudela ateigada, os suplementos enriba do testo e un molete de pan debaixo de cada brazo. Feliz. Co capote desabotoado e o bandullo satisfeito, camiñando a modo, coma un crego levando un santo. Entraba no seu tobo, baixaba a tea da tenda que gorecía a entrada, acendía unha candea, sentaba comodamente cos víveres espaxados arredor de si entre a lama e a merda, as súas reservas, os doces que lle preparara a señora Rossi e tódalas cousas que eu lle puidera conseguir. Penduraba o macuto dos pés sobresaíntes do morto e nun *tête à tête* co cadáver, comezaba a mastigar. O sorriso na faciana !Que ben se estaba só! Non tería que repartir co morto. Mastigaba. Tiña os dentes fortes coma os bíceps. Estrullaba os ósos na boca e rillando como unha máquina, engulíao todo.

—¿Estás contento, eh? —díxalle eu, levantando a lona para pasarlle algún extra que lle puidera atopar.

—¡Si, está moi bo! —respondía.

—¿Estás pensando na señora Rossi?

—¡Non, estou comendo!

Sen embargo, estando en Tilloloy, o bo do esfameado non se presentara á hora de cear ¿Que lle estaría a pasar? Non daba creto.

—¿Estás enfermo? —pregunteille.

—Non.

—Entón, ¿que tes?

—É que lle estou escribindo á miña muller.

¡Vaia! ¡Resulta que a primavera tamén afectaba a este mangallón! Un elefante en celo. O asunto era

preocupante.

Coma a maioría dos homes gordos, Rossi era un casto. Cando empezabamos a falar de mulleres no acantoamento (¡je cantas veces non falamos dese tema!, ¡meu Deus! Moito antes de que a primavera comezase a súa ofensiva contra nós, algún chistoso tivera a ocorrencia de falar da "encuada de primavera", adiantándose así á "ofensiva de primavera" do estado maior, e aquela frase tivera un grande éxito), Rossi erguíase ruborizándose e marchaba a deitarse, tapando a cabeza coa manta. "¡Eh, piollento!", berrábanlle os compañeiros, "¿non queres un pasamontañas? Pono nas orellas para non escoitar, neno da teta ¡Mira que as imos contar aínda máis fortes!".

Deus sabe as cousas que poden contar sobre as mulleres os homes cando se atopan sós. É doado imaxinar a cantidade de porcalladas que pode chegar a soltar unha escuadra de lexionarios sobreexcitados, a maior parte deles bébedos, cando o debate pasa a ser unha especie de competición para ver quen conta a maior trola ou a esaxeración máis besta. O colmo do delirio, con tal de gaña-la partida. Logo viñan as confidencias escabrosas, as experiencias eróticas, narradas cos termos máis crus da linguaxe, utilizando un vocabulario imaxinativo, rico en imaxes e achados, con invencións (e precisión anatómica), propias dos que beberon directamente da fonte dos parigots<sup>3</sup>. Eu estaba na gloria escoitando todo o que se dicía, admiraba a aqueles homes, aínda que só fose polo seu xeito de falar. ¡Canta poesía na boca do pobo, a voz das barricadas!

... Non hai mellor bico có de París.

Eramos case todos estranxeiros, fillos de estranxeiros, pero os que máis latricaban, agás certas excepcións, naceran en París. Non había labregos entre nós, só artesáns das barriadas, xastres, peleteiros, tapiceiros, curtidores, pintores de brocha gorda ou de coches, ourives, porteiros, músicos de cabarés, ciclistas, chulos e rufiáns, eramos os nenos dos revolucionarios de 1848, chegados de tódolos recunchos de Europa para fornece-las barricadas de xullo, os netos daqueles homes que tiñan que aprende-lo oficio en provincias, e que, por ser bos traballadores, conseguiran instalarse en París, onde atoparan muller e fortuna; tamén había xente da nobreza, coma os poloneses, o cabaleiro Przybyszewski (sobriño do ilustre escritor decadente) e o peruano Bengoechea, fillo do banqueiro máis importante de Lima (morto no norte de Arrás); e tamén algúns intelectuais de Montparnasse, seducidos coma min pola linguaxe obscena dos animadores e pola súa exuberancia. Rossi facía moi ben en marchar, non podería aturalo. Nin el, nin os que renovaban o auditorio, toda aquela galería de rusos, serbios, suízos-alemáns, franceses do exterior (suízos-franceses, belgas e canadenses), nin os propios paisanos, aqueles traballadores do campo procedentes de distintos países, que chegaban a Tilloloy enviados pola guarnición como reforzos. Rossi non podería entrar naquel xogo excitante, sobre todo cando se presentaron os veteranos, os raposeiros da vella lexión, os de Sidi-bel-Abbès, que se mesturaron entre os parigots para poderen conta-las súas historias de África e de mulleres, convertendo a atmosfera nun ambiente irrespirable, nun desenfreo vertixinoso de verbas do inferno.

Rossi era dese tipo de italianos que nunca aprenden a falar francés. Era de ideas lentas, tatexaba e buscaba as palabras. Por iso perdía o apetito. Durante todo ese tempo, non se lle debía pedir nada ou cometería unha desgracia.

Cando a morte se deixou caer sobre el en Tilloloy, Rossi non lle estaba escribindo á súa muller. Acababa de escribirlle unha longa carta anunciándolle que ía volver de permiso. Era certo. Eu mesmo llo confirmara polo ciclista do coronel que levara a carta de Rossi ó correo. Era a última vez que o noso bo xigante subía acompañándonos ó noso posto perdido, moito máis alá da primeira liña. Tiña que colle-lo tren ó día seguinte pola noite. Eu dispensárao das faenas, tal e como se facía con tódolos afortunados que ían marchar de permiso, e, como era habitual nel, Rossi marchou na procura dun recuncho afastado, instalouse na garola dun vello tronco denegrado, e dispúxose a pasar alí a noite comendo e esgotando as provisións ¡Que carallo! ¡Non ía deixar nada!

Pasadas as doce, xusto antes do cambio de garda, unha patrulla alemana lanzou sobre nós unha bandada de granadas ó chou, como facían ás veces, e unha delas rebentou a Rossi. Cando lle acudimos, xa non vivía. O paspán destripárase na súa propia escudela.

Máis lle valeu así, pois ó día seguinte anuláron tódolos permisos, e o noso xigante enfurecido, de seguro tería feito algunha desgracia, unha verdadeira desgracia.

Blaise Cendrars

(Frédéric Louis Sauser, 1887-1961)

## NOTAS

1 Relato extraído de *La main coupée* (1946)

2 Popular e pexorativo, alemán.

3 Familiar, parisiense. Popular, significa ter acento parisiense ou *faubourien*, dos arrabaldos de París, habitante do *faubourg*.